

CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

LICITADORES

NOTIFICACIÓN

Para o seu coñecemento a aos efectos que correspondan, de acordo co disposto na normativa en vigor, notifícolle que o Sr Alcalde, con data 29-10-2024, dictou a seguinte Resolución que se transcribe literalmente:

“Francisco Javier Sar Romero, ALCALDE DO CONCELLO DE MUXÍA, de acordo coas facultades ao respecto conferidas pola vixente lexislación,

A Orde de Convocatoria e Resolución das subvencións para acondicionamento de pistas de camiños parcelaria, no que estaban incluídas neste Concello os de Senande (lote 2) e Ozón (lote 1), expediente de Contratación 2024/C003/000010 establecen que o prazo de execución e xustificación destas actuacións finaliza o 12 de novembro de 2024.

Por diversos motivos (modificación de petición; baixas temerarias, etc.) o proceso de licitación e por tanto de adxudicación destas obras demorouse moito, non estando adxudicadas aínda a día de hoxe.

A continuidade do proceso esixe prazos legalmente impostos que fan imposible que a execución das obras poida estar finalizada a 12 de novembro de 2024.

Continuar nestas condicións o proceso e adxudicar a obra suporía un risco de perda da subvención ao non cumprir as determinacións da orde de convocatoria (en concreto o prazo mencionado) implicando esta un grave perxuízo económico para o Concello que tería que facerse cargo do importe da obra, carecendo ademais a día de hoxe de fondos para este fin.

De acordo co establecido no artigo 152 de LCSP;

Considerando as razóns de interese público expostas,

RESOLVO:

- Non continuar co proceso de adxudicación nin celebración desta contratación, dando por finalizado o procedemento.
- Notificar esta resolución a licitadores e publicala en PLACE.

Douno en Muxía, en 29 de outubro de 2024
O Alcalde Fco. Javier Sar Romero”

Fin do camiño

CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

En Muxía, mércores 30 de outubro de 2024.

A Secretaria. Rosa Ana García Fernández.

Contra o presente acto, poderá vostede interpoñer, no prazo de 1 mes desde o recibo da presente ,e ante o mesmo organo que o dita, recurso de reposición ou no prazo de dous meses recurso contencioso administrativo. Non obstante, vostede pode presentar calquera outro recurso que estime pertinente

Fin do camiño